



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Expediente: 2024000034335

Referencia: PEL-EPR PREMIO / 2025

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DA VII EDICIÓN DOS PREMIOS DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL-EPR PREMIO / 2025)

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vistos o informe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica e o informe do Servizo de Fiscalización.

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante a Resolución de Presidencia número 2025 / 17193, do 10 de abril, foron aprobadas as bases reguladoras e a convocatoria da VII edición dos Premios do Plan de Emprego Local (PEL-EPR PREMIO) publicadas no Boletín Oficial da Provincia, BOP número 72 do 15 de abril de 2025.

Segundo.- O prazo de presentación de candidaturas remataba o día 16 de maio de 2025 ás 14.00 horas, pero unha incidencia técnica na sede electrónica ampliouno ata o día 19 de maio de 2025 ás 14.00 horas. A totalidade das candidaturas referidas neste informe foron presentadas dentro do prazo mencionado e cumpren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras e na convocatoria.

Terceiro.- De acordo co establecido na base 7 “Desenvolvemento do proceso de selección das iniciativas gañadoras”, por Resolución de Presidencia número 2025 / 24652, do 23 de maio, aprobouse o nomeamento do xurado que levou a cabo as valoracións das 10 candidaturas finalistas da primeira e da segunda categorías, poñendo en común as súas puntuacións e seleccionando como gañadoras aquelas que obtiveron as puntuacións máis elevadas. Ademais, decidiron por consenso a candidatura gañadora da terceira categoría e os tres accésits. Todas as candidaturas presentadas ou propostas admitidas foron valoradas segundo os criterios de valoración establecidos na Base 4, tal e como se reflicte na acta da reunión do xurado celebrada o 4 de xuño de 2025.

Cuarto.- A totalidade das candidaturas premiadas que se conceden con cargo á convocatoria considéranse correctas e axustadas aos termos e requisitos das bases reguladoras e as cantidades a asignar tamén se corresponden cos criterios de asignación das bases.

Quinto.- Na partida orzamentaria 0520/24100/481 do orzamento xeral desta Deputación para o exercicio 2025 existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das subvencións propostas.

RESOLVO:

1º.- Aprobar a concesión da VII edición dos Premios do Plan de Emprego Local ás entidades que se relacionan a continuación polos importes que se indican:

Entidades	Importe
Nome: ESPAZO NATURE RETREAT, S.L. NIF: B44582245 Expediente: 2025000034540 1ª Categoría: Premio Iniciativa emprendedora	20.000,00 €
Nome: SOMADROME FILMS, S.L. NIF: B70511175 Expediente: 2025000034542 2ª Categoría: Premio Traxectoria empresarial	20.000,00 €
Nome: CLUN: Cooperativas Lácteas Unidas S.C.G. NIF: F70509096 Expediente: 2025000034545 3ª Categoría a proposta do xurado: Premio Proxección e innovación sostible	20.000,00 €
Nome: ORIXE SALGADA, S.L. NIF: B75813980 Expediente: 2025000034548 1º Accésit: Mellores iniciativas empresariais da provincia	5.000,00 €
Nome: LA PRADERA ONLINE, S.L. NIF: B70514898 Expediente: 2025000034550 2º Accésit: Mellores iniciativas empresariais da provincia	5.000,00 €
Nome: GALOPÍN PLAYGROUNDS, S.L. NIF: B15640469 Expediente: 2025000034553 3º Accésit: Mellores iniciativas empresariais da provincia	5.000,00 €

2º.- Denegar a concesión dos galardóns da VII edición dos Premios do Plan de Emprego Local ás entidades candidatas que non figuran no punto anterior.

3º.- Dispor o gasto dos premios concedidos con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0520/24100/481, fase A, operación número 220250022675, importe: 75.000,00 €

4º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.